



1
2
1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19

PARTIDO NACIONALISTA GALEGO
PARTIDO GALEGUISTA

Relatório Político

VIII CONGRESO NACIONAL
“Facendo un País para todos/as”

Ourense, 25 de setembro de 2011.



4
5

20 **DOCUMENTO POLÍTICO DO VIII CONGRESO DO PNG-PG**

21 Cando estamos diante dunha nova “doma e castración” do antigo Reino da Galiza,
22 moito máis sutil que a que no pasado ordenaron os Reis Católicos, hai que xuntar
23 todos os esforzos posíbeis dos “bos e xenerosos” que estean dispostos a traballar por
24 Galiza e os galegos. Poucas veces na súa Historia ten sido Galiza tan diminuída,
25 deteriorada, preterida e atacada como agora. E co agravante que lle dá o feito de se
26 levar a cabo dende o propio Goberno de Galiza, quen por omisión e/ou inacción non
27 fai efectivos os poucos dereitos que o Estatuto de Autonomía vixente e a actual
28 Constitución española lle permiten para facer unha política propia. Neste contexto, O
29 PNG-PG ten que aspirar a ser un “partido-paraugas” que colle a moitos, (un catch-all
30 party), e non un “partido-coitelo”, que divide.

31 Os novos “españolistas” ou “novos centralistas” teñen na cabeza o “Plan Gran
32 Madrid”, que xa vai camiño dos sete millóns de habitantes, mentres que o inmenso
33 espazo de “Castilla-León”, “Castilla-La Mancha” e “Extremadura”, cunha extensión
34 maior que a maioría dos estados da UE, non pasan dos 5 millóns. Galiza, como
35 outros, corre o risco de ficar reducida ao testemuñal, sen identidade, sen unha
36 economía propia, despoboada e cunha poboación envellecida. Os tempos son serios:
37 León —por exemplo—, aínda sendo un reino venerábel e cheo de historia, esta hoxe
38 pouco menos que desaparecido para a percepción pública: non está recoñecido na
39 estrutura político-administrativa do Estado español, non existe legalmente, nunca
40 aparece nos medios, e os rapaces novos pensan que o que sempre existiu é “Castilla-
41 León”.

42 Nos tempos de Aznar, Madrid chegou á conclusión de que o risco non viña só dos
43 nacionalismos étnicos (como o antigo vasco) senón tamén dos culturais e identitarios,
44 e por iso é que se explica que esteamos hoxe padecendo os resultados dunha
45 “guerra” contra da identidade galega, aínda que os galegos sexamos os menos
46 violentos do mundo. Polo tanto, na Galiza, non é o momento para dispersar forzas
47 senón para xuntalas, como seguro que farían os devanceiros se hoxe estiveran entre
48 nós. Pola nosa parte, hai que traballar de xeito moi intenso na sociedade galega para
49 rematar coa imaxe dun nacionalismo galego equiparado a xente destemperada,
50 sectaria, unicamente de esquerdas e esaxerada.

51 Os soños de grandeza *aznarianos*, ou o “*soy español, español, español*” do pasado
52 Mundial de Fútbol e outros éxitos deportivos que se aproveitan para afortalamiento do
53 nacionalismo español, están deixando o paso, rapidamente, a unha decepción
54 colectiva que vai camiño de se equiparar á de 1898. Por iso o Estado español, coma
55 se fose unha “república bananeira”, precisa con urxencia de éxitos deportivos. Ía
56 camiño de ser Alemaña e ficou en Argentina. E para xustificar o fracaso, bota a culpa



7
8

57 ás Comunidades Autónomas. O problema do Estado español non está en suprimir
58 Comunidades Autónomas, - aínda que algunhas sexan absurdas, como a de Madrid -,
59 está na “*España Invertebrada*” de Ortega y Gasset. E máis aínda na nova orde
60 mundial na que os estados, como o español, carecen de sentido. A invasión
61 incontrolada da cultura americana que acompaña ao neoliberalismo, benvida
62 precisamente polos sementadores de bandeiras españolas que poñen nomes
63 medievais a seus fillos, dilúe a identidade hispana a toda velocidade. Os españolistas
64 culpan ás Comunidades Autónomas, xa non só aos denostados nacionalismos
65 periféricos, da perda de identidade. Na realidade, estes neo-españolistas, por duros
66 que sexan con Galiza, están completamente rendidos e entregados a Merkel, USA,
67 aos mercados, etc. Son nacionalistas españois só cara dentro, cara fóra compórtanse
68 coma cordeiros. Nos seus feitos semellan aspirar a converter o Estado español nun
69 territorio neutro no que todo o mundo fale inglés, aínda que os seus fillos se chamen
70 don Beltrán e dona Violante e leven a bandeira española no ADN.

71 Por moitas bandeiras españolas que se poñan nas rúas, o Estado español ten ben
72 pouco futuro. De seguir nesta dirección, cando pase a crise, o Estado español será
73 menos importante no mundo que Corea, México, Brasil, quizais Indonesia, Sudáfrica,
74 pode que Colombia. Tras unha paréntese dun par de decenios de soños de esplendor
75 español no mundo, de “*salir de las esquinas de la historia y ocupar el lugar glorioso*
76 *que nos corresponde*”, como quería Aznar, co resultado do 11-M, despois dun tempo
77 no que semellaba outra cousa, o Estado español xa volveu saír do escenario principal
78 da historia e dos lugares de decisión do mundo, se é que algunha vez estivo
79 realmente neles. De seguir así quedará asentado coma estado europeo de segunda
80 fila, totalmente sometido; cada día máis lonxe do G20 e non digamos do G8.

81 E para a súa desgraza, o Estado español, como a maior parte dos estados, non ten
82 futuro en Europa. Mais as nacións, rexións, Länder, comunidades autónomas ou
83 como se chamen, sempre as haberá, tanto en Europa como nos USA ou no Brasil.
84 Por iso as entidades sub-estatais teñen máis futuro do que os estados, sempre que
85 non se queiran converter en estados tradicionais de menor escala. Quén dubida que
86 Eslovenia, Letonia, Estonia e demais teñen un futuro modesto, mais real? O mesmo
87 poderíamos dicir de Escocia, Flandes. Coma non Euzkadi e Cataluña. E, por suposto,
88 Galicia. Algúns dos mencionados teñen menos poboación, riqueza e patrimonio
89 cultural ca nós.

90 Nun intre como actual, no que a crise económica preocupa aos máis dos sectores da
91 poboación, non só en Galicia senón en todo o planeta, debemos abordar a
92 problemática. Sen negar a importancia do libre mercado e libre competencia,
93 reivindicamos o papel das administracións públicas como garantes da redistribución
94 da riqueza, compensando os desequilibrios sociais e económicos mediante un



10
11

95 sistema tributario progresista, baseado na riqueza e que non penalice o consumo cos
96 impostos indirectos. Recoñecemos a importancia dos pequenos propietarios na
97 economía galega, así como o papel dos obreiros na puxanza da nosa economía e dos
98 funcionarios para axilizar os trámites burocráticos.

99 Debemos inculcar no empresariado a teoría do fideicomisario desenvolvida por
100 Gandhi, no que o empresario asume que debe devolver á sociedade o custe das
101 infraestruturas e educación de cadros técnicos necesarios para facer riqueza. Por
102 outra banda, consideramos demagóxico criticar ás administracións por ter gran parte
103 do gasto en contratar persoal, - especialmente en época de crise -, outra cuestión son
104 os criterios de transparencia e eficacia; así como evitar as administracións paralelas
105 que, en non poucas ocasións, son mecanismos que se utilizan para evadir a súa
106 propia normativa cando non son instrumentos que fan competencia desleal ao
107 empresariado. Consideramos que para un desenvolvemento integral da economía
108 galega é preciso superar o localismo e pensar en clave de país. E, aínda que sexa
109 tarde, valorar os servizos e infraestruturas existentes en Galicia.

110 Cómpre re-humanizar a política e devolver o protagonismo á sociedade civil, apostar polo
111 principio de subsidiariedade en todo. Urxe superar a desconfianza dos cidadáns nos políticos,
112 eliminando a imaxe do político profesional que semella servirse de seu cargo en vez de servir
113 aos cidadáns, a imaxe do político encausado que exercita unha representación indignamente,
114 impulsar o contacto directo entre representantes electos e electores para que os segundos
115 vexan nos primeiros alguén capaz de resolver os seus problemas. Os cargos electos deben
116 achegar aos cargos públicos as demandas dos electores. Fundamental unha oficina de
117 atención ao elector e non caer en propostas demagóxicas e populistas. As propostas que se
118 presenten á cidadanía deben estar contrastadas en base á legalidade (pensemos na
119 importancia da confianza xurídica e legal para o desenvolvemento económico) e
120 acompañadas do seu respectivo plano orzamentario (custes reais e de onde saen os fondos
121 para a súa execución) É preciso instalar unha institución semellante á *recall* (revocación)
122 americana, que permite á xente (non aos partidos) destituír a un político no medio do seu
123 mandato; así como xeneralizar o sistema de primarias.

124

125 **GALEGUISMO, AUTODETERMINACIÓN E CO-SOBERANÍA**

126

127 **GALEGUISMO**

128 1.- O Galeguismo que propugana o PNG-PG ten que ser unha forza moderada no seu
129 discurso e formas, mais unha forza firme na defensa do identitario e na loita pola xustiza
130 social. Un nacionalismo aberto, razoábel, moderno e europeísta, que xa a *Xeración Nós*



13

14

131 concibira, e no que se sintan identificados a maioría dos galegos. Cando o novo nacionalismo
132 español, cada día máis centralista, está amosando que sabe ser excluinte, extremista e
133 intolerante (algo do que sempre acusaba aos nacionalismos periféricos), o Galeguismo ten
134 que ser, hoxe como nos anos vinte e trinta do século pasado, un nacionalismo incluínte,
135 dialogante e europeo. Dialogantes e inclusivos, mais sen ignorar que Galiza ten ben pouco
136 que esperar do Estado español, que hoxe impulsa unha reforma constitucional na que, baixo
137 a desculpa de axustar o déficit público, agocha un proceso de recentralización administrativa
138 e deixa entrever un xacobismo no que o Estado pretende recuperar as poucas cesións
139 político-administrativas realizadas ás Comunidades Autónomas dende a Transición nese “café
140 para todos” empregado para evitar ter que recoñecer as realidades nacionais diferentes do
141 castellano, - Cataluña, Euzkadi e Galiza -, e non asumir dunha vez por todas a construción
142 dun estado plurinacional, verdadeiramente federal ou confederal, que se ven demorando
143 dende a Constitución de Cadiz de 1812.

144

145 AUTODETERMINACIÓN E SOBERANÍA

146 2.- Respecto da autodeterminación, toda nación, mesmo todo pobo, ten ese dereito que pode
147 levar a postular a independencia, ou non, mais que en todo caso implica que os titulares da
148 soberanía orixinaria somos nós. Hoxe en día, case ninguén e independente: todos somos
149 interdependentes. Mais dentro desa interdependencia, dentro desa densa rede de
150 interrelacións co resto do Estado español, co resto de Europa e do Mundo, Galiza precisa dun
151 autogoberno que a actual Constitución española e o Estatuto de Autonomía de 1981 non lle
152 posibilitan. Precisamos unha configuración constitucional que permita acadar un nivel de
153 autogoberno dentro do Estado español e da Unión Europea comparábel a unha provincia
154 canadiana, un estado americano, a Escocia ou Flandes.

155

156 AUTOGOBERNO E COMPETENCIAS

157 3.- O autogoberno desprégase en competencias. En concreto:

158 .- Galiza ten que ter o pleno control do seu Estatuto, que debería ter rango de Constitución, e
159 podela reformar sen intromisión do poder central cando as circunstancias o demanden.

160 .- Pleno e exclusivo control do seu territorio e dos niveis de goberno inferiores ao
161 autonómico. As provincias galegas deben desaparecer, indo cara un modelo
162 semellante aos condados angloamericanos ou ás Kreise alemás.

163 .- A fin de incrementar a eficacia, e eficiencia, na xestión de recursos públicos
164 propomos impulsar unha reforma fiscal e administrativa baseada na supresión de



16
17

165 entidades administrativas existentes noutros ámbitos da administración prevalecendo
166 o criterio de que os servizos socio-comunitarios dependan da administración máis
167 próxima ao cidadán, polo que é responsabilidade desa administración recadar
168 directamente os impostos correspondentes ao servizo que deba prestar. Isto implica
169 potenciar os CONCELLOS e reformular o actual sistema de administración local
170 (supresión de Deputacións e fusión de concellos)

171 .- Potestade tributaria propia (aínda que algúns trabucos teñan que se entregar
172 necesariamente para Madrid e algún outro necesariamente para Bruxelas), de xeito
173 de poder obrigar a tributar en Galiza ás empresas que contaminan aquí ou que se
174 benefician dos nosos recursos naturais e humanos, mais que logo deixan os
175 beneficios en Madrid. Ou, no seu defecto, compensar dalgún outro xeito a fin de poder
176 competir coas empresas doutros países que teñen un imposto de sociedades baixo.
177 Por outra banda, as partidas que o Estado central destine a Galiza non deben ser
178 finalistas, toda vez que corresponde ao Parlamento Galego decidir as prioridades de
179 investimento na nosa nación.

180 .- Competencia exclusiva sobre seguridade e tráfico, non sendo o exército, a aviación militar e
181 a armada.

182 .- Competencia exclusiva sobre educación (incluíndo universidades), cultura, medios de
183 comunicación, medio ambiente, agricultura, gandería, pesca (nas augas interiores e
184 exteriores), minas e enerxía, estradas, ferrocarrís, portos e aeroportos; polo que os
185 correspondentes ministerios de Madrid deberían desaparecer.

186 .- Poder xudicial completo propio, quedando para Madrid o TS federal e o TC central, mais
187 suprimindo a Audiencia Nacional.

188 .- Competencia exclusiva en Dereito Civil, procesual, penal e administrativo, así como na
189 formación e acreditación de notarios, rexistradores e todos os funcionarios públicos.

190 .- Competencia exclusiva para convocar referendun para decidir calquera aspecto que afecte
191 directamente Galiza e/ou á súa cidadanía.

192

193 O ESTADO ESPAÑOL QUE QUEREMOS

194 4.- No que respecta á forma de Estado, e mentres non se aborde a posibilidade dun
195 referendun monarquía/república, o Estado español debería ser unha unión federal/confederal
196 baixo a Coroa, e El-Rei/Raíña debería ser rei/raíña das *Españas* en xeral, e de cada reino
197 histórico en particular (Rei de Castela, de Navarra, de Galiza, etc.). Hai que modificar o
198 escudo do Estado para que acolla os escudos de todas as comunidades autónomas. Os
199 idiomas diferentes ao castellano deberán ter o mesmo rango de oficialidade que o castellano



19
20

200 e debe ser obriga do Estado a súa protección e impulso, dentro e fóa das fronteiras do
201 Estado. O nacionalismo galego non é anti-español (ao revés que o novo nacionalismo
202 español que é marcadamente anti-periférico, como demostrou coa campaña contra os
203 produtos cataláns).

204 O Galeguismo ten un modelo para o Estado español e un modelo para Europa. Un Estado
205 español que debe ser plural e evitar a concentración de riqueza e centros de decisión no
206 “centro”. Galiza ten que loitar por unha Estado español en rede no que o Estado central
207 retería as competencia sobre relacións internacionais formais (embaixadas, tratados
208 importantes), os impostos sobre aqueles servizos que presta, exército-armada-aviación militar
209 (mais habería que reformular o seu rol), bases do Dereito Mercantil, Tribunal Supremo
210 Central, Tribunal Constitucional Central. Moeda, pesos, medidas e outras lexislacións antano
211 competencia do Estado hoxe están transferidas a Europa.

212 O Tribunal Constitucional, debería ter a súa sede lonxe de Madrid, e cando resolva conflitos
213 de carácter territorial deberá estar integrado por un delegado de cada Comunidade Autónoma
214 e outro do Estado, este con voto de calidade en caso de empate.

215 O número de senadores para darlle credibilidade as iniciativas políticas debe ser reducido a
216 metade e só ten sentido na medida en que resposta ao mandato imperativo dos gobernos
217 autonómicos.

218 As vías de comunicación que transcorran por máis dunha comunidade autónoma (exemplo:
219 unha posíbel autopista Galiza-Cataluña) serán competencia dun organismo “ad hoc” creado
220 por todas as comunidades autónomas polas que esa autoestrada pase, en proporción á
221 cantidade de territorio afectado.

222 Algo semellante se fará cos ríos, lagos ou embalses que afecten a máis dunha Comunidade
223 Autónoma.

224 Respecto do exército, considerado máis como ONG que coma exército precisa dunha
225 reformulación. É un exército, extraordinariamente caro — aínda que diso, curiosamente, non
226 se fale — e completamente inútil para o tipo de conflitos que poidamos ter no futuro. Debería
227 reducirse drasticamente en número, vender case todas as naves e aeronaves e concentrarse
228 na vixilancia das costas e tarefas afíns. É precisa unha reforma constitucional que prohiba ao
229 Estado español participar en accións bélicas ou en zonas de conflito. Si en zonas en
230 reconstrución despois de acadada a paz, polo que habería que camiñar cara unha especie de
231 Garda Nacional. Sería moito máis económico ao aforrar en armamento, gastos bélicos, etc.

232 A EUROPA QUE QUEREMOS

233 5.- O Galeguismo debe apostar por unha Unión Europea abertamente federal ou confederal.
234 Galicia ten que chegar a ser unha comunidade política interdependente cunha presenza de
235 seu, cun razoábel grao de defensa dos seus intereses e de autogoberno no concerto europeo.
236 Debemos apostar por unha Europa na que e Galicia teña dereito á defensa dos seus



22
23

237 intereses en Bruxelas, e o acceso directo de Galicia aos centros europeos de decisión. Para
238 todo isto, tres suxestións concretas:

239 1ª.- A normativa europea que teña que ser desenvolvida ou aplicada en Galicia nas materias
240 de competencia da Galicia, non pasará por Madrid e será competencia só do Parlamento e
241 Xunta de Galicia.

242 2ª.- Que nas eleccións europeas, a circunscrición electoral sexa Galicia e con voto por lista
243 aberta.

244 3ª.- Reforzar as facultades do Comité das Rexións, hoxe moi febles.

245 4ª.- Reforzar o papel dos denominados parlamentos rexionais na defensa da subsidiariedade.

246 5ª.- Posibilidade de establecer vencellos con outras rexións europeas por medio dos
247 programas interrexionais.

248

249 ENCOL DAS COALICIÓNS ELECTORAIS

250 6.- As coalicións electorais, e mesmo de goberno, non son nada malo per se, e poden ser moi
251 necesarias para acadar melloras sociais. Mais non se poden converter nunha cadea. Por iso,
252 non é boa cousa facer coalicións permanentes. No caso do BNG, ninguén negará o seu
253 patriotismo e o que ten feito por Galiza, mais ao mesmo tempo, ninguén negará que cara á
254 opinión pública representa un nacionalismo que practica un excesivo "seguidismo" do PSOE.
255 Chegará un día no que haxa un partido galego de centro-dereita e outro de centro esquerda,
256 mais mentres ese momento non chega, todo o que se faga dende o galeguismo e que resulte
257 excluínte para unha parte importante da cidadanía galega debe ser rexeitado.

258 A fin de mellor visualizar a nosa ideoloxía e, deste xeito, ser máis útil á nosa nación,
259 pensamos que a forma de articulación política do nacionalismo debe superar o concepto
260 actual de fronte que é o BNG e camiñar cara unha coalición electoral na que o PNG-PG
261 integrárase coa lealdade e compromiso que de sempre caracterizou .

262 Por outro lado nas eleccións europeas, mentras non haxa circunscrición electoral en Galicia,
263 o PNG-PG promove unha coalición electoral cos grupos nacionalistas mais relevantes do
264 Estado Español (PNV e CIU) para diseñar conxuntamente un modelo de Estado español
265 Plural con participación das Comunidades Autónomas respectivas nas institucións europeas.

266 _____